

**La educación psicomotriz (3-8 años)**  
Cuerpo, movimiento, percepción...

Autores\_ Encarnación Sugañes, M. Àngels Àngel (Coords.), M. Neus Andrés, Joana Colomé, M. Teresa Martí, Rosa M. Martín, Marta Pinell, Núria Rodríguez, Micaela Yuste, Rosa Yuste  
Editorial\_ Graó  
Ano de edición\_ 2007  
Páxinas\_ 350

Contido

Este é un libro que contempla todos os aspectos implicados no desenvolvemento psicomotor infantil. Partindo duns fundamentos teórico-prácticos, inclúe un conxunto de propostas e situacións prácticas, secuenciadas dende tres a oito anos.

A través das súas páxinas podemos ver como a exploración, a experimentación, o descubrimento, a relación, a afectividade, o compartimento, as emocións, a linguaxe ou os pensamentos son os alicerces dun crecemento persoal, intelectual e psicomotor ben orientado.

As autoras experimentaron, reflexionaron e confrontaron, non só entre elas, senón coa experiencia práctica dos nenos e nenas de diferentes escolas, e déronlle forma a unha obra que permite profundar na importancia de aspectos fundamentais que favorecen o desenvolvemento harmónico dos rapaces.




**Didáctica de la expresión dramática. Una aproximación a la dinámica teatral en el aula**

Autor\_ José Cañas  
Editorial\_ Octaedro  
Ano de edición\_ 2008  
Páxinas\_ 314

Contido

No libro faise unha reflexión sobre as posibilidades didácticas da dramatización e do teatro nas nosas aulas, apoiada en diversas técnicas e realizada dende diferentes puntos de vista e dende distintos niveis e proxectos educativos. Todo para recrear o desexo duns rapaces ilusionados por unha escola nova na que os seus rostros poidan ser libremente coloreados, na que se debuxen os escenarios e se pinten de reflexos vivos os muros do colexio...

Eles, alumnos e alumnas, reclaman en cada páxina, na voz de José Cañas, un lugar para o teatro na escola; un maior uso do teatral como instrumento pedagóxico, marabilloso e útil, que abre como ningún outro as portas da imaxinación e da creatividade; que libera inhibicións, que socializa condutas, que une a través do xogo...



**Psicología de la lectura. Diagnóstico y tratamiento de los trastornos de escritura**

Autor\_ Fernando Cuetos Vega  
Editorial\_ Wolters Kluwer España, S. A.  
Ano de edición\_ 2008  
Páxinas\_ 224

Contido

Nos últimos anos produciuse un enorme avance no campo da lectura e no ámbito de investigación, en particular dende o enfoque da Psicoloxía Cognitiva, unha área que se dedica a coñecer o funcionamento dos procesos mentais que interveñen na conduta humana.

Estes coñecementos teñen unhas implicacións moi importantes na ensinanza da lectura e na comprensión dos trastornos que poden producirse ao longo destes procesos. Ao mesmo tempo, están a conseguir unha revolución na recuperación dos rapaces con dificultades na súa aprendizaxe.

O libro está organizado en sete capítulos, a través dos que o autor vai presentando a evolución que se produce na adquisición da lectura, así como os principais trastornos que o profesorado pode atopar na aula e os recursos que debe poñer en xogo para remedialos.



**Da segregación á inclusión educativa**

Autora\_ M.ª Teresa Núñez Mayán  
Editorial\_ Laiovento  
Ano de edición\_ 2008  
Páxinas\_ 272

Contido

A integración escolar foi un dos grandes retos do sistema educativo durante o último cuarto do século XX. Presentouse como alternativa á segregación a que estivo sometida calquera forma de diversidade ao longo da historia.

Neste libro, preténdese examinar o impacto real que supuxo a política de integración educativa para os profesionais, para as institucións educativas e para aqueles alumnos e alumnas aos que ía destinada. Para logralo, contrástanse as propostas teóricas coa súa posta en práctica nos centros. A obra quere analizar se os cambios producidos foron superficiais ou profundos, reais ou aparentes, excesivos ou insuficientes e, desde este estudo, apuntar perspectivas de acción que permitan avanzar nunha mellor atención educativa á diversidade no futuro. Analizar en que lugar se sitúa a nosa realidade educativa, en relación coa integración e coa inclusión, é indispensable para poder acurtar o camiño entre ambas as dúas.



**El valor del tiempo en educación**

Autor\_ José Gimeno Sacristán  
Editorial\_ Morata  
Ano de edición\_ 2008  
Páxinas\_ 180

Contido

O tempo organiza a nosa vida persoal, as relacións humanas, as actividades sociais e a educación. Pero, de que tempo falamos cando o circunscrimos á educación? É o da organización escolar, os calendarios e horarios? O que contempla un alumno ou alumna mirando con desasosego o avanzar lento das agullas do reloxo? O da dedicación do profesorado? O tempo real de aprendizaxe? É o da xornada de mañá e tarde ou o da continua? O tempo da educación vale o que ten de impresionante, significativo e enriquecedor para os que o experimentan.

Cunha aproximación interdisciplinar, esta obra salienta o valor do tempo escolar e a importancia do extraescolar, tendo en conta os cambios sociais e culturais que están ocorrendo e considerando como os viven os educandos e as súas familias.

A obra conclúe cunha análise e comparanza da importancia e efectos da distribución do tempo nos modelos de organización da xornada escolar en horario partido e continuo.



**La inteligencia corporal en la escuela. Análisis y propuestas**

Autor\_ Marta Castañer (Coord.)  
Editorial\_ Graó  
Ano de edición\_ 2006  
Páxinas\_ 127

Contido

Unha sociedade coma a nosa, obesionada de abondo polo corpo, ha ter un lugar de reflexión e análise do corporal na escola. Os centros, pola súa parte, deberían darlle a importancia que merece dentro do concepto de formación integral das persoas. Dende esta perspectiva cómpre que atendan a unha educación que inclúa este aspecto, dende o ámbito da motricidade e poñan en xogo aplicacións de prácticas específicas.

Educar o status da corporalidade de cada discente a partir da educación física non consiste só en incluír novas prácticas deportivas ou xogos, senón en permitir que os alumnos e alumnas experimenten variados modelos de corpo en relación co seu día a día, a súa sensibilidade e o seu benestar.

Os distintos capítulos achégannos reflexións e aplicacións didácticas sobre modelos corporais na sociedade, publicidade e estereotipos; corporalidade nas artes escénicas; a súa incidencia na intelixencia corporal e a análise da comunicación paraverbal de discentes e docentes.



### Lectura de imágenes en la era digital

Autores\_Roberto Aparici  
Agustín García Matilla  
Editorial\_Eds. de la Torre  
Año de edición\_2008  
Páxinas\_174

Contido

No mundo actual, a comunicación atopou canles que non son nin as orais nin as escritas e que teñen un grande impacto ao ser quen de transmitir mensaxes que as persoas, con frecuencia, non poden filtrar por carecer dos recursos necesarios. Ante esta nova situación a sociedade precisa persoas que sexan capaces de interpretar e producir mensaxes que lles permitan enfrontarse á vida cotiá de maneira crítica e responsable.

Os autores deste libro, recoñecidos nesta parcela da educación, tratan de iniciar a aqueles lectores que pretendan entrar no campo da educo-comunicación e tamén aos que desexen exercitarse na lectura de imaxes.

A obra inclúe ao final unha ampla bibliografía e unha webgrafía que agranda os contidos do texto, e resulta especialmente útil se se desexa profundar nas diferentes escolas e tendencias.



### Los «trucos» del formador Arte, oficio y experiencia

Autores\_Gregorio Casamayor (Coord.),  
Vicenc Arnaiz, Cris Bolívar, Jaime Cela,  
Mari Carmen Díez Navarro, Pepa Horno Goicoechea,  
Francisco Imbernón, Carles Mendieta, Dino Salinas,  
Miguel Ángel Santos Guerra, Glòria Sanz  
Editorial\_Graó  
Año de edición\_2007  
Páxinas\_259

Contido

Un grupo de afamados profesionais da educación describe como aborda a formación, e máis concretamente, como formula unha clase ou unha conferencia. Os docentes que participan nesta singular experiencia pertencen a diferentes tipoloxías: profesores de infantil, primaria, secundaria ou universidade; docentes esporádicos ou consultores que teñen outra actividade principal, pero que, de cando en vez, se ven en situación de formadores.

Os autores e autoras comparten co lector os seus trucos e segredos. Todos coinciden ao considerar como factores clave da preparación dun curso ou dunha conferencia, a honestidade e a empatía, a transmisión de entusiasmo, a importancia do acollemento e da despedida do grupo, o valor do sentido do humor, etc.




### Guía para la evaluación, orientación y atención a los alumnos discapacitados motóricos en centros ordinarios

Autor\_Javier Martín Betanzos  
Editorial\_EOS  
Año de edición\_2007  
Páxinas\_183

Contido

O obxectivo desta guía é axudarlles aos centros educativos e aos profesores a planificar, axustar e desenvolver unha resposta educativa o máis axeitada posible aos problemas que suscita a integración de alumnos afectados por discapacidades motoras (parálise cerebral, distrofias musculares, espiña bífida....) nos centros ordinarios.

As bases teóricas e epistemolóxicas han devir nun desenvolvemento de estratexias e instrumentos, que posibiliten unha boa atención a estes alumnos, xa que se fose doutra maneira, convertiríase nun discurso baleiro e inútil. O autor parte destas premisas e, á luz dos principios dunha educación inclusiva e integradora, pretende sintetizar pautas e exemplos que se poidan poñer en práctica, co fin de conseguir unha verdadeira normalización da atención educativa a estes alumnos.



### Billy Elliot. Quiero bailar

Ano\_2000  
 Nacionalidade\_Reino Unido  
 Xénero\_Drama  
 Duración\_110 min.  
 Título orixinal\_Billy Elliot  
 Dirección\_Stephen Daldry  
 Guión\_Lee Hall  
 Música\_Stephen Warbeck  
 Fotografía\_Brian Tufano



#### Sinopse

A acción transcorre en 1984, ao norte de Inglaterra durante unha folga de mineiros, con episodios de enfrontamentos entre os piquetes e a policía. Un destes mineiros é o pai de Billy, un rapaz de catorce anos, que se sente atraído polo baile, mentres que seu pai se empeña en que reciba clases de boxeo. No ximnasio, Billy presencia unha clase de danza e decide probar. A profesora de ballet logo verá nel un grande talento e acorda darlle clases ás agachadas. Aínda así, o pai e o irmán, daranse conta e obrigarano a apartarse dese "ambiente para nenas", deixándoo ao coidado da súa senil avoa. Ao final, eles mesmos lograrán superar os seus prexuízos e decatarse da valía de Billy.



### El misterio Picasso

Ano\_1956  
 Nacionalidade\_Francia  
 Xénero\_Documental  
 Duración\_75 min.  
 Título orixinal\_Le Mystère Picasso  
 Dirección\_Henri Georges Clouzot  
 Guión\_Henri Georges Clouzot e Pablo Picasso  
 Música\_Georges Auric  
 Fotografía\_Claude Renoir



#### Sinopse

A película filmouse no estudo do pintor malagueño e nela empregáronse técnicas cinematográficas novas. Grazas a lenzos semitransparentes e a tintas especiais, puideron realizar a pintura directamente sobre a imaxe cinematográfica. A tea é substituída pola pantalla e o espectador pode seguir en vivo a súa evolución e contemplar a técnica e o modo de traballar dun dos maiores xenios do século XX. A música de Georges Auric acompaña todo o tempo o traballo de Picasso con ritmos de jazz, clásica ou flamenco.

Despois de rematar a rodaxe, Picasso destruíu case todos os cadros, polo que o filme constitúe unha obra de arte en si mesma.

*El misterio Picasso* foi declarado tesouro nacional polo goberno francés en 1984 e foi Premio Especial do Xurado de Cannes, 1956.



### Escolas de Ferrado

Edita\_Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.  
 Realización\_Francisco Rodríguez Fontarigo (MUPEGA)

#### Contido

Dous mestres de ferrado, un de Trasmiras (Ourense) e outro da Fonsagrada (Lugo) cóntannos, en primeira persoa, a súa experiencia sobre como foron aqueles anos e como desenvolvían o seu traballo. Todo iso adobiado con anécdotas vividas por eles. Como complemento, unha alumna de Penamaior (A Fonsagrada) ofrécenos a súa versión como estudante.

**www.  
octuga  
.es**

É a web do Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia, un escaparate virtual de estatísticas relacionadas co sector da investigación universitaria e contextualizada no sistema de innovación galego. Nela o internauta pode acceder de maneira rápida á información detallada da actividade investigadora que se está a realizar no Sistema Universitario de Galicia.

**www.  
climantica  
.org**

Climántica é un proxecto de educación ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no que colabora a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O equipo Climántica consta de catro grupos de traballo (didáctica, edición gráfica, multimedia e asesoría científica) que actúan coordinados a través dunha plataforma de colaboración aloxada na intranet da web do proxecto.

Climántica vai dirixida, fundamentalmente, aos alumnos de secundaria, e presenta ao longo de oito unidades didácticas os grandes problemas ambientais, á vez que os relaciona co cambio climático no ámbito global. Ofrece tamén seccións para ensinanza primaria, deseñadas nun marco máis lúdico e próximo á fantasía infantil (cómic, series de curtas de animación 3D, videoxogos) e para a cidadanía, en xeral, coa oferta de blogs, documentais e revistas.

**www.  
lenguasecundaria  
.com**

Esta web, creada por Eduardo-Martín Larequi García, está ao servizo dos profesores de Lingua Castelá e Literatura de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Pódense atopar aquí materiais curriculares, documentos de utilidade para o traballo profesional, enlaces a outras páxinas, análises de programas informáticos e recensións de libros e películas.

A web fomenta a participación dos docentes mediante unha dobre vía: a colaboración do profesorado que desexe difundir materiais e traballos, e a participación en foros, nos que se poden achegar recursos, compartir experiencias ou expresar dúbidas.

**www.  
skool  
.es**

Este portal é a versión en español do Proxecto Skool de Intel Corporation. A adaptación promóvea a Fundación Germán Sánchez Ruipérez e constitúe un importante portal de contidos dixitais educativos para o ensino non universitario.

O sitio pretende ser un apoio para a aprendizaxe das Matemáticas e das Ciencias de primeiro e segundo ciclo de secundaria, e ofrece numerosos recursos e materiais didácticos interactivos.

Pódese acceder a unha grande variedade de ferramentas e contidos a partir do nivel educativo, ou da materia de interese: narracións de audio, simulacións audiovisuais, propostas de au-

toavaliación e de reforzamento dos contidos, xunto a unha interface funcional, simple e cognitivamente significativa.

Un aspecto que hai que destacar é a posibilidade de que os seus contidos educativos se poidan estudar, tanto on line como offline, xa que é posible descargarlos no PC e en dispositivos PDA ou no teléfono móbil.

**www.  
aulaintercultural  
.org**

Aula Intercultural é un proxecto de FETE-UGT que ten como obxectivo principal avanzar nunha educación en favor do respecto e a convivencia entre as diferentes culturas. Trátase dunha aposta clave para o presente e o futuro da nosa sociedade, ao potenciar, a través da rede, espazos para a reflexión, o encontro e o traballo orientado á convivencia pacífica.

A web ofrece artigos, bibliografía, recensións, documentos e ferramentas relacionadas co mundo da interculturalidade, agrupados por temas e por rexións.